

ANUNCIO Nº 5 DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección do proceso selectivo para a formación mediante concurso libre de dúas listas de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal cunha categoría equivalente de prazas de psicólogo/a e/ou técnico/a de intervención (A2; escala de administración especial; subescala: técnica) nomeado mediante Resolución de alcaldía 1362/2021, acordou por unanimidade na sesión de data 03.01.2022:

PRIMEIRO.- Desbotar as alegacións de Ánxela Álvarez Naya, Andrés Bieito Hernández Mouriño e Sara Fernández Fenández, mantendo a súa baremación previa:

1. Alegación de Ánxela Álvarez Naya presentada o 29.12.2021, que a través do SIR se recibe co RXE núm. 20219000002505

A aspirante alega que debe valorarse a experiencia coa Asociación Encontro e coa Asociación Arela e a superación da proba de psicóloga da Xunta.

Segundo a base 7.1.3 valorarase a *“Experiencia profesional por servizos prestados para unha administración pública na empresa privada realizando funcións de intervención familiar (...) Para a experiencia na empresa privada/autónomo: contrato de traballo/ou alta na Seguridade Social como traballador/a autónomo/a e informe de vida laboral, xunto con certificación da administración pública para a que se efectuaron os servizos da prestación destes. Non serán valorados os traballos nos que consten unha execución non satisfactoria. En todo caso, desta documentación xustificativa deberá concluírse/deducirse, de xeito claro e inequívoco, o posto/praza/categoría/condicións nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, así como o tempo de efectiva prestación e que o traballo desempeñado foi de intervención/educación familiar, en caso contrario deberase achegar certificación complementaria da administración pública correspondente no que se acrediten estes extremos.”*

Da documentación achegada dedúcese que os postos se desempeñaron nun centro de día de menores e nun punto de encontro de menores, cuxas funcións non son as de intervención familiar, senón as dunha área de atención especializada a menores, dentro dos servizos sociais. Ademais os certificados que refire a aspirante non son dunha administración pública, senón das empresas privadas para as que prestou servizos. En consecuencia, desbótase a alegación mantendo a baremación previa.

Segundo a base 7.3 outórganse 0,20 puntos *“por cada exercicio ou proba de oposición superado en procesos selectivos convocados por calquera administración pública para acceso a prazas/postos de persoal funcionario ou laboral de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar”*. Como a proba superada no proceso de psicóloga da Xunta non se trata dunha praza/posto de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar, senón doutra área, mantense o criterio da previa sesión con esta aspirante e resto de aspirantes e, en consecuencia, desbótase a alegación mantendo a súa baremación.

2. Alegación de Andrés Bieito Hernández Mouriño presentada o 29.12.2021 co RXE núm. 3984:

O aspirante alega que a experiencia no Colectivo Galego do Menor e na Fundación Meniños tiñan por función a intervención familiar, segundo se pode comprobar na ligazón da Consellería de Política Social que agora achega e que non constaba entre a documentación inicialmente aportada.

Segundo a base 7.1.3 valorarase a *“Experiencia profesional por servizos prestados para unha administración pública na empresa privada realizando funcións de intervención familiar (...) Para a experiencia na empresa privada/autónomo: contrato de traballo/ou alta na Seguridade Social como traballador/a autónomo/a e informe de vida laboral, xunto con certificación da administración pública para a que se efectuaron os servizos da prestación destes. Non serán valorados os traballos nos que consten unha execución non satisfactoria. En todo caso, desta documentación xustificativa deberá concluírse/deducirse, de xeito claro e inequívoco, o posto/praza/categoría/condicións nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, así como o tempo de efectiva prestación e que o traballo desempeñado foi de intervención/educación familiar, en caso contrario deberase achegar certificación complementaria da administración pública correspondente no que se acrediten estes extremos.”*

Coa ligazón incorporada na fase de alegacións o aspirante demostra que a experiencia pertence á área de intervención familiar, máis alégo sen aportar a certificación da administración pública que esixe a citada base 7.1.3, é dicir, sen aportar toda a documentación que permitiría estimar a súa alegación. Ocorre entón que non pode valorarse a experiencia porque conforme á base 7.3 *“Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra do prazo sinalado, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración, sen prexuízo*

dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratorio e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.” Non procede outorgar ao interesado un novo prazo excepcional para achegar a certificación (que, ademais, pola mesma base 7.3 só podería valorarse se fora de data previa ao

22.10.2021), porque suporía unha discriminación co resto de aspirantes, ao outorgarlle un trámite máis que a estes para acreditar os seus méritos. Dito doutro modo, era neste trámite que xa rematou cando ao non alegalo coa instancia inicial e vendo que non se valoraba a experiencia, o aspirante debiera ter achegado toda a documentación adicional á da instancia que pretendía que o tribunal tomara en consideración. En consecuencia desbótase a alegación mantendo a baremación previa.

3. Alegación de Sara Fernández Fernández presentada o 28.12.2021 co RXE núm. 3978:

A aspirante alega que as probas e a experiencia son de educador familiar con funcións de intervención familiar, polo que deben valorarse.

Segundo a base 7.1 valorarase a *“Experiencia profesional por servizos prestados como persoal funcionario ou laboral na administración local como en programas de intervención familiar, a razón de 0,20 puntos por mes efectivamente traballado ”* e segundo a base 7.3 outorgaranse 0,20 puntos *“por cada exercicio ou proba de oposición superado en procesos selectivos convocados por calquera administración pública para acceso a prazas/postos de persoal funcionario ou laboral de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar”* e *“Os méritos acreditaranse mediante a presentación de certificado da Administración Pública correspondente no que se acredite a proba superada, así como que o posto/praza sobre o que versaba a oposición era de educación/intervención familiar ou para a implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional. Do dito certificado deberá inferirse que as probas superadas non son de ofimática ou idiomas, ou ben deberá referir ás bases e boletín oficial no que se publicaron, debéndose acompañar, en tal caso, unha copia das ditas bases xunto co certificado.”*

Ao non constar acreditado que a experiencia no Concello de Ortigueira se refira a programas de intervención familiar senón doutra área dos servizos sociais, e ao non acreditarse tampouco que os procesos de Laracha e Ortigueira vesen sobre o ámbito de educación/intervención familiar descrito polas bases, desbótase a alegación mantendo a baremación previa.

SEGUNDO.- Estimar as alegacións de Sandra Cereijo Romero e Patricia Varela Muñiz incrementando en 0,40 e 0,20 puntos as súas respectivas baremacións:

4. Alegacións de Sandra Cereijo Romero presentadas o 27.12.2021 cos RXE núm. 3966 e 3967:

A aspirante alega que as dúas probas superadas no Concello de Muras o eran de educadora familiar e deben valorarse, para o que reitera o certificado da Secretaría-Intervención de data 18.10.2021. Por aplicación do art. 31.2.b) da LPACAP enténdese presentada o 28.12.2021, o primeiro día hábil do prazo.

Segundo a base 7.3 outorgaranse 0,20 puntos *“por cada exercicio ou proba de oposición superado en procesos selectivos convocados por calquera administración pública para acceso a prazas/postos de persoal funcionario ou laboral de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar”* e *“Os méritos acreditaranse mediante a presentación de certificado da Administración Pública correspondente no que se acredite a proba superada, así como que o posto/praza sobre o que versaba a oposición era de educación/intervención familiar ou para a implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional. Do dito certificado deberá inferirse que as probas superadas non son de ofimática ou idiomas, ou ben deberá referir ás bases e boletín oficial no que se publicaron, debéndose acompañar, en tal caso, unha copia das ditas bases xunto co certificado.”* Visto o certificado e as bases achegadas coa instancia compróbase que as probas son de educadora social para un programa de educación familiar, polo que estímase a alegación presentada e outórganse 0,40 puntos á aspirante.

5. Alegación de Patricia Varela Muñiz presentada o 28.12.2021 co RXE núm. 3968:

A aspirante alega que a proba no Concello de Porto do Son debe valorarse con 0,20 puntos ao acreditarse nun certificado da Secretaría do Concello, de data 21.10.2021, que as funcións a desempeñar como educadora social son de intervención familiar.

Segundo a base 7.3 outorgaranse 0,20 puntos *“por cada exercicio ou proba de oposición superado en procesos selectivos convocados por calquera administración pública para acceso a prazas/postos de persoal funcionario ou laboral de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar”* e *“Os méritos acreditaranse mediante a presentación de certificado da Administración Pública correspondente no que se acredite a proba superada, así como que o posto/praza sobre o que versaba a oposición era de educación/intervención familiar ou para a implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional. Do dito certificado deberá inferirse que as probas superadas non son de ofimática ou idiomas (...) ”*. Visto o certificado xa aportado coa solicitude, estímase a alegación e outórganse 0,20 puntos á aspirante.

TERCEIRO.- Tomar en consideración a acreditación do coñecemento de lingua galega de Laura Bejarano Domínguez (en data 03.10.2021 co RXE núm. 10, porque a dita acreditación non é un mérito, senón un requisito para quedar exenta da proba de coñecemento de lingua galega) e aprobar a baremación das persoas aspirantes aprobadas que de seguido se expoñen, tendo en conta que debe efectuarse un sorteo para o desempate das que se sinalan:

APROBADOS/AS NA PRAZA DE PSICÓLOGO/A

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Fernández Álvarez, Lucía	7
2	Calvo Pico, María Pilar	6
3	Álvarez Naya, Ánxela	0,90
4	Blanco Fernández, M ^a del Rocío	0,40
5/6*	Costas Grimáldez, Victoria Valentina	0,20
5/6*	Varela Tato, Alba	0,20

APROBADOS/AS NA PRAZA DE TÉCNICO/A DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	García Martínez, Iria	11,6
2	Fernández Álvarez, Lucía	7
3	Sío Docampo, Maite	6,4
4/5/6/7*	Calvo Pico, María Pilar	6
4/5/6/7*	González Moreno, Mónica	6
4/5/6/7*	Rocha Freire, Gema	6
4/5/6/7*	Rodríguez Rodríguez, Tamara	6
8	Varela Muñiz, Patricia	5,20
9/10*	Lage Vila, Lucia	3,20
9/10*	Cereijo Romero, Sandra	3,20
11/12/13*	Adega Piñón, María	2
11/12/13*	Coto Couceiro, Raquel	2
11/12/13*	Ríos López, Alba	2
14/15*	Bejarano Domínguez, Laura	1,40
14/15*	Iglesias Fernández, Laura	1,40
16	Álvarez Naya, Anxela	0,90
17/18/19/20*	Álvarez Pérez, Emma	0,20
17/18/19/20*	Costas Grimáldez, Victoria Valentina	0,20
17/18/19/20*	Pérez Calvo, Verónica Eva	0,20
17/18/19/20*	Varela Tato, Alba	0,20

CUARTO.- Convocar ás persoas aspirantes para que, se o desexan, acudan á **celebración do sorteo para os desempates o 11.01.2022 ás 08:30 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Fene**. A falta de asistencia non implica a exclusión das listas nin unha diminución da baremación.

QUINTO.- Producidos os desempates que permitan conformar a orde definitiva das baremacións, que a secretaria do tribunal redacte a resolución que firmada por todos se eleve á alcaldía para a aprobación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo conforme á cláusula oitava das bases do proceso selectivo.

Asinado dixitalmente pola Secretaria do Tribunal, Lara Otero Díaz.